

# Ciencia fricción

Posted by xornaldebetanzos5 Marzo 2012

Alberte Momán

Eran pouco máis das tres da tarde. Seino porque lembro que pensei na sorprendente puntualidade de Eón, a nube radioactiva que xiraba ao redor do planeta en sentido oposto á rotación da terra, ou, como se rumoreaba nos círculos científicos, era o único elemento que permanecía fixo nun punto con independencia dos movementos planetarios, aparecendo diariamente en canto se cumpría unha volta completa da esfera terrestre. O sol aínda quentaba no alto, malia estarmos a comezos do inverno, mentres eu pechaba a fiestra do meu cuarto, onde permanecera observando a paisaxe dende que rematara de xantar. Era hora de illarme na habitación e comezar o meu traballo. Era a hora de fuxir da nube como se foxe dos telefilmes de sobremesa. Daquela deiteime na cama co libro que debía corrixir e conectei o reprodutor de secuencias para deleitarme cunha escena de ciencia fricción. Intercalaba un parágrafo de lectura cunha sacudida ou un rostro descomposto polo pracer, cando a nube comezou a pasar por riba do meu edificio, producindo as interferencias habituais no meu reprodutor. Cunha duración máis prolongada do normal, achegueime á proxección tridimensional proxectada no espazo, pata tentar identificar a fonte do problema, cando tras dunha breve ausencia de imaxe, o rostro da rapaza que permanecía con brazos e pernas afincadas no chan, lamentándose docemente polos golpes que o home, tras dela, profería sobre as súas cadeiras, transformouse naquel de Arias Navarro, nun branco e negro caduco, case obsceno polo vintage, que me repetía, despois dun breve silencio para conter as bágoas: -Abusas de ti mesmo con lacerante fruición. Por moito que te agaches, has rematar como o resto, has ser vítima da cegueira.

Aos poucos, o rostro da rapaza foi recuperando a súa beleza artificial. Permanecín aínda un anaco deitado e observado a proxección. Se Arias Navarro viña a visitarme é que non fora tan mala idea arredarse dos telefilmes de sobremesa. Mais, certa inquietude apoderouse de min, facéndome imposible retomar o traballo que estivera a desenvolver. A noite sobreveu de contado, mais cunha impaciencia e inquietudade inapropiadas, dada a miña conduta pausada e reflexiva. Dun xeito que non son quen de describir, recoñecía que algo ao meu redor estaba a cambiar, mais tamén me resultaba imposible identificar de que se trataba.

Á noite fíxenme forte diante da neveira, procurando non deixar que ningún dos habitantes da casa que, por certa consanguinidade, se adoitan denominar familia, sorprendentemente ausentes, puidese acceder a ningunha das viandas que insolitamente poboaban os andeis debidamente refrixerados. Acompañado dun bo cargamento de provisións, atrincheireime novamente no cuarto para ver, sen interrupcións de ningún tipo, 2046, un filme de Won Kar-wai. Aínda coa idea de que Tony Leung se puidese transformar en calquera cousa distinta, acomodeime a adormecín soñando con Maggie Cheung.

A mañá seguinte amenceu como moitas outras mañás seguintes, só que de adormecer apoiado na parede, mentres vía o filme, unha intensa dor no pescozo impidíume disfrutar das tarefas comúns como o tería feito de non sentir molestias. A chegada á rúa fixose monótona, finxindo mirar para o ceo ou cara unha parede do ascensor durante a baixada, pero nunca examinando

os grans diante do espello, nin sacando os pelos do nariz, como se me presupón. A rúa abríuseme cunha claridade inusitada. Mais a claridade ocultaba un feito do que nun primeiro momento non me decalei. Foi a imprudencia dun condutor que, fóra de control, arremeteu contra a entrada do meu edificio, dándome o tempo xusto para escapar, a que me fixo entender que había algo que non se conducía como sería desexable. Continuei con paso longo e veloz cara a parada do autobús, e foi alí onde, por medio dunha sorte de salto de sorpresa, me decalei do que acontecía. Centos, e quen di centos di miles de Arias Navarro me rodeaban ás apalpadas, cegos pola fruición dos seus propios impulsos sexuais incontrolados. Camiñaban buscando a tentas, coas mans estendidas, un soporte fixo ao que asirse. O mesmo que dixerá o xefe Seatle, soiux e aborixe americano, naquel discurso ao presidente: *se contaminas a cama, morrerás asfixiado polos teus propios desperdicios*. Eón, a nube, como desperdicios dun presidente americano entre as mantas do seu propio leito, volvéranos unha imaxe gris e triste da nosa propia historia.